

# SOMOS GALEGO

Suplemento  
realizado  
pola Mesa pola  
Normalización  
Lingüística

A MESA POA  
NORMALIZACIÓN  
LINGÜÍSTICA

Quinta feira,  
6 de setembro  
de 2018  
Número 16

Etiquetar en galego, sinónimo de calidade >>>>> 4

A nosa lingua, tamén en Fryslân >>>>> 5

A necesaria normalización no Bierzo >>>>> 6-7

A banda deseñada, un espazo por reconquistar >>>>> 8



SG

O heroísmo de facer  
cinema en galego >>> 2-3

# A Mesa e o sector audiovisual únense para promover o galego no cinema

A Mesa pola Normalización Lingüística presentou o 24 de xullo un manifesto chamado “O cinema heroico galego” para lanzar unha campaña de apoio en favor do cinema rodado en lingua galega. O documento conta co apoio inicial de 150 profesionais do sector e diversas compañías como a Academia Galega do Audiovisual, Asociación de Profesionais da Dobraxe, Asociación de Produtoras Independentes e a Asociación Galega de Actores e Actrices, entre outras.



**D**urante a presentación do manifesto “O cinema heroico galego”, o presidente da Mesa, Marcos Maceira, argumentou que “no século XXI, sen audiovisual, sen cinema non podemos inmortalizar a nosa historia nin aquilo que queremos dicir como pobo”. A realidade é que temos unha escena galega que actúa e temos un cinema galego que fai moito esforzo por existir malia todas as trabas, un verdadeiro esforzo heroico. Maceira salientou a capacidade creadora do pobo galego exemplificando como a pesar da ditadura e dos séculos escuros a literatura galega floreceu e deu grandes escritores e escritoras.

Para a asociación en defensa e promoción do galego é unha anomalía que o galego non teña presenza na televisión, nas salas de cinema en Galiza ou nas novas plataformas dixitais como Netflix cando noutras linguas como o euskera e o catalán si hai presenza. Para Maceira “é unha cuestión de dignidade que o pobo galego poida expresarse e desfrutar dun sector audiovisual en galego” por iso non se poden consentir os problemas que poñen as distribuidoras para proxectar

**É UNHA ANOMALÍA QUE O GALEGO NON TEÑA PRESENZA NA TELEVISIÓN, NAS SALAS DE CINEMA EN GALIZA OU NAS NOVAS PLATAFORMAS DIXITAIS COMO NETFLIX**

filmes en lingua galega ou o desleixo total da Xunta de Galiza de promover o sector audiovisual. “Na práctica están furtando o dereito dos galegos e galegas a verren e desfrutaren do cinema en lingua galega, na súa lingua” concluíu.

**Unión do sector para seguir traballando en galego**

A presidenta da Asociación Galega de Actores e Actrices, Nieves Rodríguez, puxo en valor a importancia que ten o galego para o sector audiovisual, “o galego une, temos o firme compromiso de apoiar o

manifesto que lanza a Mesa”. Mabel Rivera, actriz e vicepresidenta da asociación, fixo fincapé na necesidade de que se conte con actores e actrices galegos, pois son axentes normalizadores que transmiten o idioma.

Pola súa banda, a presidenta da AGAPI, Uxía Caride, reclamou o apoio das institucións para o audiovisual galego, pois teñen a obriga de promover a lingua e cultura deste país, mentres que a directora de cine Anxos Fazás reivindicou que os filmes que teñen actores e actrices galegas deberían ser feitas en galego sen que fose unha anomalía e expresou as dificultades para traballar en galego en Galiza.

Laura Fernández, representante de

# Para mellorarmos a calidade da nosa lingua

## A expresión pronominal da reflexividade



Vía Láctea Filmes, argumentou que “a produtora sempre apostou por rodar, non só na Galiza, senón tamén en galego” algo que lles supuxo obstáculos pero que afrontan co compromiso firme en favor da lingua galega e animou as distribuidoras a contar con cinema en lingua galega nas súas salas. O director desta produtora, Ignacio Vilar botou en falta que o goberno galego non aposte polo sector audiovisual a pesar de ser un sector estratéxico.

Poden consultarse as sinaturas do manifesto en <http://www.manifestocine-magalego.gal/>. As entidades fan un chamamento a apoialo masivamente para que se vexa o sentir do pobo galego que demanda cinema na súa lingua.

Xosé Ramón Freixeiro Mato

**A** acción verbal realizada polo suxeito costuma recaer sobre un obxecto ou persoa diferentes (“Eu vin-te”), mais tamén pode recaer sobre o propio suxeito (“Ti pentéaste”); neste caso é cando falamos de reflexividade. Na primeira e na segunda persoas non son necesarias formas pronominais específicas a indicaren esa reflexividade, de modo que se usan “me”, “te”, “nos”, “vos” (“lávome”, “lávaste”, “lavámonos”, “lavádesvos”); na terceira persoa si, pois “o”, “a”, “os”, “as” implican sempre CD diferente do suxeito; estas formas específicas de reflexividade son a átona “se” (“lávase”, “lávanse”) e as tónicas “si” e “consigo”, válidas tanto para singular como para plural. Na segunda persoa do singular a forma clítica reflexiva é sempre “te” (“Teste por parvo”, “Atrévete a vires connosco?”), pois “che” nunca funciona como tal, a pesar dos usos desviados que cada vez se achan con máis frecuencia na fala e mesmo na escrita, e que un galego de calidade non pode tolerar.

A función en que se costuma exprimir a reflexividade é a de CD, mais tamén pode vir marcada noutras funcións por pronomes tónicos: “O albanel traballa para si” (non “para el”, que indicaría unha persoa diferente); “A xuíza non o que-re consigo” (non “con ela” se tiver o mesmo referente que o suxeito). No entanto, as formas átonas reflexivas normalmente só poden ser CD (“Lávase”), mais non CI (“\*Lávase as mans”), uso que é produto da interferencia do español, lingua que admite as chamadas reflexivas indirectas; neste sentido, tampouco son correctas construcións do tipo “\*Bebinme unha cervexa” (si “Bebín unha cervexa”) ou

“\*Mancouse un xeonllo” (si “Mancou un xeonllo” ou “Mancouse nun xeonllo”). Só pode aparecer un dativo reflexivo, isto é, un clítico como índice funcional dun CI referencialmente idéntico ao suxeito, cando se evidenciar a necesidade de marcar inequivocamente que a acción recae no propio suxeito e non ten un destinatario diferente (“O médico diagnosticouse unha hepatite”, “A costureira fíxose unha saia para o aniversario da filla”); nestes casos por norma o clítico reflexivo equivale a *para* + pronome tónico. Tamén nas construcións pronominais con significación recíproca o clítico pode ser marca de CI (“Déronse moitas labazadas”). O que non pode é ir un clítico reflexivo a funcionar como dativo posesivo, tanto na expresión de posesión alienábel (non “\*Bebeuse a cervexa” e si “Bebeu a cervexa”) canto inalienábel (non “\*Rompeuse a perna” e si “Rompeu a perna”).

Por outro lado, danse diferentes comportamentos dos verbos canto ao seu aparecemento en construcións pronominais con formas clíticas de reflexividade ou non, con diversos resultados de natureza semántica, sintáctica ou expresiva. Así, hai verbos que nunca admiten a construción reflexiva, como “adormecer” e “morrer”, ou que por norma a evitan,

como “caer”, “calar”, “despertar”, “parar”, “sentar”, “casar” ou “cansar”; deben usarse, por tanto, expresións sen clítico como “Cala e senta aí”, “Casaron onte” etc. Existen outros verbos que admiten as dúas construcións, mais con clara diferenciación do significado: “dar” (“Dá todo o que ten”) e “darse” (“Non se dá neste lugar”), “afogar” (“Afogou no mar”) e “afogarse” (“Afogouse no alpendre”), “acordar” (“Acordou ás oito da mañá”) e “acordarse” (“Acordouse de ti”) etc. Tamén existen verbos que admiten alternativa-mente a construción non reflexiva ou a reflexiva con suplemento: “Esqueceu a carteira” e “Esqueceuse da carteira”, “Lembroute” e “Lembrouse de ti”. Aínda

están, aliás, os verbos chamados pronominais, que só se poden construír coa forma reflexiva, como “queixarse”, “atreverse” ou “dignarse”; e certos verbos de movemento que admiten unha construción reflexiva que achega matices expresivos, como “ir(se)” ou “marchar(se)”.

Como se acaba de ver, o clítico “se” ten unha alta presenza na lingua e tamén unha grande complexidade canto á atribución de función sintáctica nos seus diversos usos en construcións pronominais de diferente tipo. No proceso de elaboración dun galego cada vez máis auténtico e de calidade débese prestar atención a unha partícula tan aparentemente insignificante como esta, mais con capacidade para desnaturalizar moitas construcións verbais en galego e para se converter en marca de alleamento. Alén dos múltiples casos en que se usa de forma correcta, cómpre termos especial precaución en non a utilizarmos con determinados verbos que non admiten forma reflexiva e tamén en evitarmos o seu uso nas chamadas reflexivas indirectas, que o galego polo xeral rexeita.

**AS FORMAS ÁTONAS REFLEXIVAS NORMALMENTE SÓ PODEN SER COMPLEMENTO DIRECTO, MAIS NON COMPLEMENTO INDIRECTO**



Xosé Ramón Freixeiro Mato é catedrático de Filoloxías Galega e Portuguesa na Universidade da Coruña. As súas principais liñas de investigación son a gramática galega e a lingüística textual, a lingua literaria e a estilística, e a historia externa da lingua, a sociolingüística e a calidade lingüística.


## A Mesa, na festa da nosa lingua en San Martiño de Trebello (Cáceres)



**A** Mesa pola Normalización Lingüística e a Fundación Vía Galego apoiaron e colaboraron cos colectivos que traballan pola normalización do galego nos lugares de Extremadura de lingua galega. A festa celebrouse os días 15, 18, 24, 25 e 26 de agosto no val do Xálama, no lugar de San Martiño de Trebello.

As actividades que se programaron xiraron especialmente arredor da música e canto tradicionais, entre as foliadas organizadas contaron coa actuación do grupo galego Zurrumalla. Os actos concluíron o día 26 coa entrega do premio Boiga do Viño, que se lle concede a unha persoa ou colectivo que destaque polo seu traballo en defensa e promoción do galego.

Desde a Mesa e a Fundación Vía Galego apoiaron estas actividades que contribúen a promover o uso do galego máis aló da fronteira administrativa galega e neste sentido, tamén están en contacto e colaboración con outras zonas de fala galega como poden ser o Bierzo ou a comarca do Eo-Navia.



## O galego é apto para empregar no verán?

### A Mesa anima a etiquetar e comunicar en galego como marca de calidade

**Durante os meses de verán multiplícanse os eventos que se realizan por todo o país, desde feiras gastronómicas a eventos musicais ou lúdicos. Galiza échese de actividades que nalgunha ocasión teñen demostrado ter pouco interese no uso do galego.**

**M**alia que moitos dos eventos do verán pretenden poñer en valor produtos do país, isto non sempre leva aparelado o uso do idioma propio e así o reflicten casos como o festival do viño da Ribeira Sacra ou o Vigo Seafest.

O Vigo SeaFest-Festival ARVI do Peixe é un evento que reúne diversos grupos musicais, industria pesqueira e conserveira así como cociñeiros e cociñeiras galegas que desenvolven mostras de cociña durante os catro días do

festival, mentres que o festival do Viño da Ribeira Sacra é un festival organizado polo Consello Regulador da Denominación de Orixe da Ribeira Sacra.

Ambos os dous eventos teñen factores en común; son festas gastronómicas que tentan enxalzar as cualidades dos produtos de Galiza, reciben cartos públicos para a súa realización e tristemente tamén teñen en común a exclusión do galego en toda a programación, actividades e páxinas web.

Desde a Mesa tramitáronse queixas ante as respectivas organizacións e ante as administracións públicas porque a pesar de se desenvolveren en Galiza, teren achegas de cartos públicos e nel participaren empresas e profesionais de galegas e galegos, a lingua propia do país ficou excluída da programación, comunicación, webs, redes sociais e actividades, é dicir, de todo.

Para Marcos Maceira, presidente da Mesa, “non se pode consentir que cos cartos públicos se sufraguen festivais que teñen como única lingua vehicular o español” pois segundo apunta “as administracións públicas teñen uns deberes legais que cumprir como son o Estatuto de Autonomía, a Carta europea das linguas rexionais e minoritarias” onde se recolle a necesidade de promover o uso do galego. Maceira apunta que tamén se estaría contravindo dereitos básicos como persoas consumidoras, xa que “legalmente temos o dereito a recibir e ter produtos etiquetados na nosa lingua” argumentou.

Desde a Mesa tamén se animou ás empresas a empregar o galego como lingua de comunicación e etiquetaxe, pois con esta simple acción xérase un valor engadido mediante a cal os produtos en galego, confíreselles unha entidade propia ao se identificaren como produtos de maior calidade.

# Galiza e o galego protagonistas en Fryslân

## O noso idioma e o frisio conviven no Pavillón das Linguas

A cidade de Ljouwert situada na provincia holandesa de Fryslân é durante o 2018 a Capital da Cultura Europea. Para conmemorar esta referencialidade fixo unha ampla programación na que o galego tivo unha semana dedicada e na que houbo un bo número de actividades.



O galego tivo unha semana de protagonismo durante o 22 e o 29 de xullo grazas á Afúk (a institución que promove o frisio e a cultura frisia), á Mesa pola Normalización Lingüística e á Fundación Vía Galego. No proxecto tamén colaboraron a Deputación da Coruña o Concello de Santiago de Compostela e o Concello de Pontevedra.

O proxecto Pavillón das linguas (Lân fan Taal) consistiu en amosar a diversidade lingüística europea e a existencia de nacións que teñen máis dun idioma, sendo a lingua o elemento máis característico que lle confire identidade propia a unha comunidade de falan-

tes. Ademais diso, desde a Mesa apuntouse que se aproveitou a estada para intercambiar experiencias de éxito e establecer contacto con outras organizacións que traballan na promoción e defensa de linguas minorizadas ou minoritarias.

O Pavillón das Linguas é un edificio de madeira feito para o evento no que as persoas que se achegan poden coñecer a música, literatura, conferencias, presentacións, por medio da gastronomía e distintos medios de expresión de cultura das linguas minorizadas de Europa. Estará aberto ao público desde marzo

a outubro e semanalmente, unha lingua minorizada diferente de Europa é a protagonista.

Ao galego precedérono outras linguas como o gaélico, o euskera ou o maltés. A semana da lingua propia de Galiza tivo como eixo a literatura con recitais poético-musicais, concertos, conferencias e obradoiros da man da poetisa María Lado.

### Actividades diversas para todos os públicos

A poetisa da Costa da Morte foi a encargada de dirixir as actividades que se facían para difundir a lingua galega para

o cal ofreceu un recital poético co que deu a coñecer á poboación frisia algunhas escritoras e escritores da literatura galega. No día nacional de Galiza realizou un concerto para amosar a música e o baile tradicionais.

Durante a semana do galego tamén houbo tempo para difundir a historia de Galiza mediante unha conferencia e actividades para as crianzas mediante varios obradoiros. No de poesía puideron elaborar poemas en galego e frisio, mentres que no obradoiro artístico amosábase o abecedario e se coloreaba o póster do País das letras no que están representadas diferentes vilas do país con autores e autoras das nosas letras.

### A LITERATURA, DA MAN DE MARÍA LADO, FOI A ESTRELA DA SEMANA DA LINGUA GALEGA EN TERRAS FRISIAS

Parte dos actos que tiveron lugar, coa lingua galega como epicentro.

# Opinión

## O Bierzo tamén en galego



Xabier Lago Mestre

Non se pode negar que hai moito descoñecemento sobre a reivindicación do galego nos territorios estremeiros. Neste caso, dende o colectivo cultural Fala Ceibe do Bierzo, queremos informar do que reivindicamos na nosa rexión. Concretamente, fixarémonos na estratexia empregada coa última campaña a prol da presenza do galego no Consello comarcal do Bierzo.

O Consello Comarcal é a institución de goberno na rexión do Bierzo. Foi creado no ano 1991 por lei autonómica. O dito Consello colabora con tódolos concellos e mailas pedanías. Até hoxe o galego non ten presenza no labor político do Consello por iso a nosa campaña vindicativa. Cando se consiga o uso parcial do galego polo Consello, o noso idioma terá unha visibilidade e un prestixio especial para o resto de entes locais.

Hai anos que andamos detrás do Consello Comarcal para que o idioma galego teña uso institucional mais até hoxe só temos as súas promesas. O Consello comenta que hai unha proposta de convenio de colaboración coa Xunta de Galicia para o fomento

do galego no Bierzo. Chegou a hora de presionar máis. Por iso principiamos unha campaña ante os medios de comunicación para reclamar que no portal dixital do Consello apareza o galego xa.

### A nova campaña reclamativa

Por suposto, na nosa reivindicación tivemos moi en conta a lexislación lingüística. Así contamos coa Constitución, o Estatuto de Autonomía de Castela e León (art. 5.3), Carta europea de linguas rexionais e minoritarias, Ley autonómica de creación do Consello comarcal do Bierzo (1991) e diversas sentenzas sobre o eusquera en Trebiño. Sen embargo, cremos que a presión mediática foi máis forte e convincente ca xurídica ante a caste política resistente.

A nosa campaña tivo grande repercusión mediática en León, O Bierzo e Galiza. Case que tódolos xornais, en papel e dixitais, fixéronse eco da nosa demanda lingüística. Isto foi abraiante! Quizais tiña axudado o contexto de combate político das vindeiras eleccións locais do ano 2019. O importante é que a nosa mensaxe sobre

o galego chegou a moitos lectores e ouvintes.

Antes de seguir convén facer un apuntamento interesante. No Bierzo ben sabemos que a minoría galegofalante sofre continuas discriminacións lingüísticas ante a maioría castelán. Os poderes políticos, institucionais, económicos e informativos marcan as regras do xogo. Tras longas reclamacións acadamos pequenas concesións porque avanzamos paseniño ante a cadencia que nos impón o poder castelán.

**FALA CEIBE PROMOVE  
UNHA CAMPAÑA PARA O  
GALEGO TER PRESENZA  
NO CONSELLO DO BIERZO**

### Resultados da reivindicación

Trala dita campaña mediática polo uso do galego no Consello Comarcal chegan os resultados. A presión mediática e dos falantes, mediante a remesa de cartas ao dito Consello, foi importante segundo nos contaron. Incluso o chamado Procurador do Común de Castela e León (Valedor do Pobo rexional) abriu un expediente informativo tralas demandas.

O Consello Comarcal semella reaccionar ante a presión social. Así acadamos xa un pequeno acordo verbal. Este colectivo Fala Ceibe remesará varias se-



ries de léxico galegoberciano para que sexan publicitadas no portal dixital do Consello. Traballaremos de balde para facilitar a presenza imediata do galego. Xa non haberá que agardar máis para que se traduza parte do portal dixital comarcal ao galego dende Galiza. Esperamos que o noso traballo altruista sirva para que o Consello cumpra finalmente co prometido connosco.

Sinal con exemplos de toponimia da zona.



Resulta de grande importancia que o galego teña presenza no portal dixital do Consello Comarcal. Así o galego consegue un protagonismo institucional e visibilidade social. A chave está en demandar que o galego nesta institución non caia no formalismo xurídico con meras traducións dos contidos atuais en castelán. Procuraremos que o galego no susodito

portal sexa algo vivo e práctico para os galegofalantes. Esta luita non será doada porque os políticos de turno de seguro que tratarán todo o contrario, que teña mínima presenza sen eficacia xurídica.

O Consello Comarcal é a máis importante institución territorial do Bierzo. Mais hai outros entes locais, casos dos concellos e pedanías (xun-

tas veciñais nas localidades). Non é que o Consello Comarcal teña moitos cartos nin competencias mais menos teñen os concellos rurais e pedanías. Por iso resulta fundamental que o Consello axude no fomento do galego ao resto das institucións locais bercianas.

Non podemos permitir que este novo galego institucional sirva só aos

políticos para asinar convenios de colaboración e contratos administrativos que procuran gastos sen eficacia xurídica para os galegofalantes. Porque hai uns dereitos lingüísticos que agardan ser recoñecidos aos bercianos e as bercianas. No futuro utópico non poderá haber diferenzas entre os falantes galegos da Galiza administrativa e do Bierzo estremeiro.



## O galego volta á banda deseñada

### Sae A Viñeta de Schrödinger

**M**arcos Maceira, presidente da Mesa, o debuxante Kiko da Silva e o presidente da AS-PG, Xoán Costa, presentaron o 11 de agosto no festival “Viñetas desde o Atlántico” na Coruña o lanzamento dun novo produto cultural en lingua galega que edita a Mesa pola Normalización Lingüística e a Asociación Socio-Pedagóxica Galega e que estará dirixido por Kiko da Silva. O produto é unha revista de banda deseñada (BD) chamada A viñeta de Schrödinger.

A Mesa leva tempo preocupada pola ausencia do galego en diversos ámbitos como o audiovisual, o empresarial ou o editorial e ante un goberno irresponsábel que non atende as cuestións que teñen haber coa lingua propia de Galiza, decidiu promover o nacemento dunha publicación nova en galego dirixido á mocidade.

Marcos Maceira afirmou na presentación que a mocidade se viu afectada no pasado coa desaparición de publicacións e experiencias anteriores no mundo da banda deseñada. “Grazas ás achegas que fan as socias e socios a Mesa pode involucrase nun proxecto moi necesario que ofrecerá un produto de boa calidade á poboación galega, nomeadamente a máis moza creando traballo para creadores e creadoras galegas” salientou.

Pola súa banda, Kiko da Silva explicou que malia o grande calidade e

prestixio que ten no estranxeiro, a banda deseñada galega está totalmente esquecida polo goberno do Partido Popular na Xunta de Galiza. Neste sentido agradeceu a decisión da Mesa por apostar por un produto de BD que permitirá reunir nunha publicación a creadores e creadoras galegas e tamén internacionais.

A viñeta de Schrödinger demostra que se pode facer produtos de calidade en galego para todos os públicos independentemente da lingua que empreguen. O director da nova revista comentou que mostra diso son as subscricións que xa están chegando desde fóra do país.

As autoras e autores que colaboran co proxecto son: Miguelanxo Prado, Fran Bueno Capeáns, Fernando Iglesias, Miguel Robledo, Fernando Llor, Miriam Iglesias ou escritores como Antonio M. Fraga, Miguel Rojo Pablo Prado, Aldara e Joan Casarramona, Zaida Novoa, Afonso Barreiro, Miguel Porto, Víctor Rivas e Kiko da Silva. Tamén haberá entrevistas internacionais que deron comezo coa neiorquina Sarah Andersen.

#### Por que “A viñeta de Schrödinger”?

Porque na cultura galega a morte está moi presente coa santa compañía, Santo Andrés de Teixido ou mesmo coa lingua galega que moita xente pensa que está morta pero outra moita xente pensa que está viva dándose unha



dualidade de estar morta e viva á vez, como o gato de Schrödinger, por iso para salvar o gato, para salvar o galego fan falla proxectos coma este que contribúan a espallar o talento galego na lingua propia de Galiza.

As persoas que desexen subscibirse poden facelo desde xa na páxina web [www.aviñetadeschrödinger.gal/](http://www.aviñetadeschrödinger.gal/) ou [www.amesa.gal](http://www.amesa.gal).

**Arriba, acto de presentación da revista; abaixo, portada do primeiro número.**